

Estimado/a Presidente e Xerente:

No Diario Oficial de Galicia do día de hoxe publícase a **Orde do 18 de xullo de 2025**, pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a nova edición dos **Premios do Comercio Galego**. Esta convocatoria enmárcase no **Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030**, que aposta por un sector comercial forte, moderno e competitivo, preparado para dar resposta ás novas tendencias e ás necesidades das persoas consumidoras.

O obxectivo destes premios é **recoñecer e poñer en valor o traballo dos profesionais do comercio galego**, destacando aqueles que exemplifican os valores do comercio de proximidade e a excelencia na atención, converténdose nun referente de calidade no seu ámbito.

Achegamos a publicación para que lle dean difusión entre os seus asociados e os animen a participar nesta convocatoria.

Reciban un cordial saúdo,

Gabriel Alén Castro
Director Xeral de Comercio y Consumo